

RESOLUCIÓN do 7 de febreiro de 2018, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para a provisión dunha praza de uxier en Réxime interino reservada para ser cuberta por persoas que acrediten algunha discapacidade intelectual convocado por acordo da Mesa do Parlamento do 24 de xullo de 2017, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio.

Na sesión que tivo lugar o 2 de febreiro de 2018, o tribunal nomeado por Resolución da Presidencia, do 22 de xaneiro de 2018 (BOPG número 249, do 30 de xaneiro de 2018) para cualificar o proceso selectivo para a provisión dunha praza de uxier en Réxime interino reservada para ser cuberta por persoas que acrediten algunha discapacidade intelectual, convocado por acordo da Mesa do Parlamento do 24 de Xullo de 2018 (DOG núm. 158, do 22 de agosto de 2017) acordou, de conformidade co disposto na base 2 que o primeiro exercicio terá lugar o día 10 de marzo de 2018, nas salas da Planta 0 do edificio do Parlamento de Galicia, sito na calle do Hórreo, número 63 en Santiago de Compostela, en chamamento único, que se iniciará ás 10:00 horas.

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, bolígrafo negro ou azul.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do cal se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018



Xosé Antón Sarmiento Méndez
Presidente do Tribunal